



1920-2020

100


**ANOS DE
nós.**



Anxel Casal. Editor da revista Nós.



Daniel Castelao. Director artístico da revista Nós.




Arturo Nogueurol Buxán. Xerente da revista Nós.



Acción da revista Nós en beneficio de Ramón Vilar Ponte asinado polo xerente da publicación Arturo Nogueurol.

1920
2
2020



Ramón Otero Pedraio (Fundación Otero Pedraio).



Vicente Risco. Director da revista Nós (Fundación Vicente Risco).

“Nós ha ser a rerepresentación no mundo da personalidade galega na súa ansia de s'afirmare coma valor universal, autóctono, diferenciado, dentro ou fora da Terra”

Primeiras verbas

Vicente Risco

(Nós, nº1, 30 de outubro de 1920)

Neste ano 2020, cúmprense 100 anos da saída á rúa do primeiro número da revista Nós. Un fito que, desde a Fundación Galiza Sempre e o Bloque Nacionalista Galego queremos axudar a divulgar e pór en valor. Lamentablemente, a pandemia da covid-19 non nos permitiu desenvolver a totalidade da programación que tiñamos preparada con motivo de tan importante efeméride. Porén, o coronavirus non confinará a nosa vontade de lembrar, homenaxear e divulgar o inxente traballo de toda unha xeración de homes e mulleres que dedicaron as súas vidas a defensa de Galiza. Por ese motivo, decidimos editar este traballo de Manuel Rei Romeu no que aprofunda na importancia política e vixencia do legado daquela xeración.

Ao longo deste ano, diferentes instancias de poder, deron unha visión descafeinada e deturpada do que significou a denominada “Xeración Nós”. Tentaron baleirar o contido político da mesma e circunscribila, a unha iniciativa exclusivamente de ámbito cultural. Porén “Nós” é moito máis que unha revista ou un proxecto cultural. Falar de Nós, necesariamente implica falar das Irmandades da Fala, da Asemblea Nacionalista de Lugo, do Seminario de Estudos Galegos ou da posterior creación do Partido Galeguista. Falar de Nós é falar de nacionalismo galego. “Nós” fixo un excepcional traballo cultural. É indubidábel. Porén, tamén ideolóxico e político.

Hai cen anos, toda aquela xeración do 1916, tiña clara a necesidade dunha cultura galega autorreferenciada. Entendían que o galego tiña que desenvolverse como calquera lingua culta do mundo: na literatura, no teatro, na investigación, nas escolas ou nos xornais. Tiñan claro a universalidade da nosa lingua e cultura e da necesidade de estaren conectadas en pé de igualdade coas do resto do mundo. Entenderon que Portugal ou Irlanda son pobos irmáns. Sabían da importancia de contar con instrumentos de autogoberno para o desenvolvemento económico e cultural de Galiza e que os mesmos só se acadarían a través da autoorganización do pobo galego, o compromiso e a loita política.

Atrevéronse a soñar unha Galiza diferente. Un país desacomplexado, orgulloso e dono de si. Un país libre e xusto, interrelacionado en pé de igualdade co resto das nacións do mundo. Ese compromiso con Galiza, levaríalos, en moitos casos, a pagar un alto custe persoal: algúns asinados, encarcerados ou exiliados, outros sancionados económica e administrativamente, illados e marcados socialmente.

Non se pode entender aquela xeración sen os seus predecesores e predecesoras, como tampouco se pode entender hoxe o nacionalismo galego contemporáneo sen o legado político e ético da Xeración Nós. Todo recoñecemento ou lembranza ficará pequena diante da inxente débeda que o pobo galego ten cunha xeración excepcional. “Nós”, sempre en nós!

Rubén Cela Díaz
Presidente da Fundación Galiza Sempre

1920
3
2020



1920
4
 2020

Asemblea Nacionalista de Monforte. De esquerda a dereita de abaixo arriba Daniel Castelao, Xaime Quintanilla, Antonio Sánchez González, Anxel Casal, Antón Vilar Ponte, Roberto Blanco Torres, Ramón Otero Pedraio, Afonso Vázquez Monjardín, Manuel Antonio, Lustres Rivas, Ramón Vilar Ponte, Uxío Charlón Arias. Monforte 1922. (Fundación Otero Pedraio).



Banquete galeguista a Emilia Docet e a Manuel Luís Acuña no hotel Miño de Ourense en 1933. De pé, de esquerda a dereita: Vicente Risco, un reloxeiro d'El Cronómetro, Ramiro Illa Couto, Leuter González Salgado, Ánxeles Otero, Álvaro Cunqueiro, Emilia Docet, Manuel Luís Acuña, Ramón Otero Pedraio, Mari Luz Morales, Ricardo Fernández Morales, María Josefa Bustamante, Eduardo Blanco Amor e Xoán Luís Ramos Colemán. Sentados, de esquerda a dereita: Miguel Valencia, J. Villagarcía, Roberto Vázquez-Monxardín, Elina Carballo, Esther Peña Bouzas, Alberto Vázquez-Monxardín, Manuel Peña Rei, Emilia Blanco Maneiro, Xosé Goyanes e Daniel Piñeiro. (Fundación Otero Pedraio).

1920-2020

100

ANOS DE NÓS.

A Xeración Nós, unha concepción do mundo desde a cultura galega


A historia do nacionalismo galego non sería a mesma nin se entendería do mesmo xeito sen a achega fundamental da Xeración Nós. Hai mesmo un aparente acordo por parte de todas as forzas políticas á hora de a consideraren peza clave no noso devir como pobo na etapa recente e na dimensión que acadou na cultura galega.

Nun artigo publicado a comezos dos anos trinta do século pasado no xornal A nosa terra (nº 298, 24/06/1933), Carvalho Calero, mociño aínda, avaliaba as personalidades singulares e imprescindíbeis dos tres “grandes definidores do galeguismo”: Vicente Risco, Castelao e Otero Pedraio. Nun contexto cheo de tensións e contradicións como o da Segunda República, tentaba amosar publicamente a necesidade de que a pluralidade de sensibilidades ideolóxicas que viñeran conformando o nacionalismo desde 1916 non chegase a ser en ningún caso impedimenta para manteren o acordo en torno ás cuestións fundamentais para Galiza. Ese espírito de unidade de afluencias ideolóxicas diversas que, coas urxencias da política táctica, comezaba a abalar e a provocar fendas nos seus membros máis destacados. En calquera caso, Carvalho defendía con acerto que, para alén dos programas do partido, había “un xeito de ver as cousas, unha concepción do mundo, unha sentimentalidade, un estilo vital, un ton de conduta, un matiz humano peculiar”, que deberían de servir de guía contra as “doenzas de maturidade”, as desviacións ideolóxicas ou as invasións de elementos espurios. Ese chamado “espírito clásico” é o que encarnan Risco, Castelao e Otero, as tres figuras de maior relevo da Xeración, “tres temperamentos ben distantes; pero dificilmente desacordes no esencial da ortodoxia galeguista”.

Pouco tempo despois, precisamente nas páxinas da revista Nós, o propio Carvalho, nunha colaboración súa titulada “A Xeneración de Risco” (nº 131-132, 1934), concédelle a este o “consulado epónimo” sobre esta; é dicir, o dereito a exercer como o seu máis cualificado representante: “El sente mellor que ninguén a existencia colectiva de todos. É o filósofo da xeración, o máis consciente dos seus membros. Unha especie de secretario xeral espiritual do seu grupo”. Resulta curioso reparar como manifesta tanta veneración por Risco alguén de esquerdas ou confeso filomarxista como Carvalho, quen considera tamén que a adscrición vital á galeguidade é o miolo substantivo dun grupo de escritores e investigadores aos que lle atribúe o mérito de crearen o nacionalismo galego. Carvalho rectificará un ano despois nun breve

1920
5
2020

1920
6
2020



Capa do número 115 da Revista Nós.

artigo en A nosa terra (Ver “Xa somos esquerda”). Esa unidade ideal á que viña apelando esfarélase ante o obxectivo prioritario de conseguir avances tácticos para a causa galega (Estatuto). A figura política de Risco vai perdendo peso e influencia case na mesma medida en que aumenta o peso de Castelao ou Pedraio, quen, a pesar das súas discrepancias motivadas por cuestións relixiosas, non chega a abandonar o PG como fai Risco. Aínda non se publicara o Sempre en Galiza.

Para camiñar cara a unha Galiza dona de si mesma

Aínda sendo a revista Nós un dos emblemas senlleiros da xeración e o seu enfoque netamente culturalista ou investigador, non se pode entender a Xeración Nós como un produto exclusivamente cultural ou literario, malia prestar grandes servizos á cultura e literatura galegas. É algo máis que unha xeración literaria cuns escritores que editan unha revista cultural ou filosófica, algo que podía facer calquera xeración nesa época. A Xeración Nós non pode entenderse ben fóra dunha secuencia que vai desde as Irmandades da Fala ao Partido Galeguista, e que ten como principal e coherente fío condutor a ideoloxía nacionalista. O labor creador e difusor da cultura galega, vehiculizado a través das páxinas de Nós, e o labor investigador do Seminario de Estudos Galegos tampouco son para nada alleos a esta causa. Por iso ollamos nela un valor engadido, unha sobresignificación, que nos fai concibila como unha xeración maior tanto no plano cualitativo como no cuantitativo. Hai neles unha vontade fundacional da cultura galega e unha idea moi clara de prestárenlle un servizo a Galiza. As intencións iniciais ben demostran que este servizo non se reducía ao eido cultural, senón que tiña un claro obxectivo político: unha Galiza dona de si mesma. A amplitude do seu activismo ao longo dos anos vinte, permítenos, en primeiro lugar, entender o seu labor como unha tentativa sistemática de autoorganización do pobo galego no terreo cultural e científico. Unha xeración consciente, en expresión un tanto mesiánica de Risco, “do seu imperioso deber social de crearen para sempre a cultura galega”, como afirma nas “Primeiras verbas” (Nós, nº 1, 30/10/1920). O resultado non foi todo o homoxéneo que sería de desexar, mais a tentativa é clara. Son os creadores e difusores dos postulados teóricos do nacionalismo. Certo que inicialmente a ideoloxía nacionalista de Risco é todo o inmadura, pouco sistemática e vacilante que se queira; porén manifesta unha vontade clara de mergullarse nela e de superar o rexionalismo, facendo fronte ao centralismo español (Teoría do nazionalismo galego). Son os fornecedores dunha serie de imaxes-símbolo, de ideoloxemas que apelan con forza o rexurdir do pobo e da nación. Son os creadores da moderna prosa (narrativa, ensaio, xornalismo) que tanto caracteriza o Segundo Renacemento da literatura galega.

Quen conforma a Xeración Nós?

O nome deste grupo ou xeración provén da revista que nace en Ourense en 1920, idea orixinal de Castelao, que titulou así o seu álbum de debuxos. Tamén foi usada como cabeceira do suplemento cultural do xornal coruñés El Noroeste (1918), e pola editora dirixida por Ánxel Casal. En todo caso, Nós é a marca que mellor define o proxecto cultural colectivo máis relevante da Galiza do século XX. Detrás está unha xeración que desempeñou importantes funcións, mesmo a de servir de guía e referencia para autores doutras xeracións coetáneas: Xeración das Irmandades da Fala, Novecentistas, Xeración do Seminario de Estudos Galegos. A modo de exemplo, abondaría con reparar nos epistolarios



Florentino López Cuevillas, primeiro pola esquerda, nunha xeira do Seminario de Estudos Galegos.

1920
8
2020



Ben-Cho-Shey, Risco e Otero Pedraio, no Pazo de Gaión de Ourense, durante a viaxe que fixeron a San Andrés de Teixido en 1927 (Fundación Penzol).

de Risco Castelao ou Pedraio. Un labor de guía ou apostolado polo que podían sentir admiración personalidades adscritas a ideoloxías moi variadas: demócrata-liberais, socialistas, marxistas, anarquistas.

Ademais dos xa citados, na nómina de escritores da Xeración Nós cabe incluír a Florentino López Cuevillas e a Antón Losada Diéguez. Nalgún momento inicial Carvalho menciona tamén a Arturo Noguerol, Cabanillas, Noriega Varela e Taibo, o que semella excesivo desde o punto de vista xeracional estrito. Outros estudosos como Vitorino Pérez Prieto inclúen tamén a Xohán V. Viqueira e a A. Vilar Ponte.

Obras e pensamento

O núcleo ourensán presenta meirandes afinidades e unha curiosa evolución ideolóxica desde a inadaptación ao galeguismo. Esta evolución arrinca das tendencias esteticistas e neosóficas da revista *La Centuria* (1917), totalmente escrita en español, promovida por Risco, Pedraio e Primitivo R. Sanjurjo. Todos eles son descendentes de familias acomodadas (fidalguía rural ou burguesía), extracción que semella condicionar a súa visión aristocrática e elitista da sociedade. Posúen unha ampla formación de base autodidacta e unha acentuada vocación intelectual, un agudo individualismo que se manifesta en tendencias dandis e extravagantes. Aí reside a causa de rexeitaren o medio social en que viven; consideran vulgar tanto o mundo do proletariado como os valores burgueses imperantes. Reclúense nunha burbulla de elitismo intelectual. A súa actitude vital é de inadaptación e de rebelión contra unha sociedade deshumanizada e baleira de contidos espirituais. A salvación é o escapismo ao exótico. Pola vía do exotismo son europeístas respecto de España e orientalistas respecto de Europa (“Nós, os inadaptados” de Risco.1933)

Paradoxalmente, en 1918, o chamado “cenáculo ourensán” incorpórase ás Irmandades de Amigos da Fala. A esta sorprendente aterraxe contribuíu inicialmente o labor aleccionador de Antón Losada Diéguez, profesor de Filosofía no Instituto de Ourense desde 1914, de ideoloxía tradicionalista ligada ao carlismo e ao agrarismo católico. Desde ese momento, a descuberta de Galiza como nación vai ser para todos eles unha verdadeira revelación. A segunda razón é que Galiza ofrecía a mesma fasquía misteriosa e exótica de país precapitalista, onde todo estaba por descubrir e estudar. Demostrábase, así, unha vez máis, como efecto da colonización, que o máis próximo fisicamente moitas veces resulta o máis afastado e alleo á percepción dos propios. Alén diso, o carácter do movemento nacionalista das Irmandades da Fala, nada encaixábel no tradicional sistema de partidos ao uso, favorecía as adhesións deste tipo.

Florentino López Cuevillas en “Dos nosos tempos” (Nós, nº 1, 19120) –o primeiro e máis breve dos tres célebres autorretratos xeracionais que explican a conversión dos inadaptados- avalía a impresión provocada pola Primeira Guerra mundial e as consecuencias da mesma á hora de aguilloar a conciencia galega: “a guerra desatou o imperialismo cego que armou as nacións as unhas contra das outras”. O recoñecemento de novas nacións no concerto europeo serviu tamén de revulsivo para a causa patriótica galega.

Outro acontecemento que fixo abalar as súas consciencias foi o triunfo da Revolución Soviética e a instauración da URSS. Segundo os razoamentos do citado Cuevillas, non contaban eles con que a admirada Rusia, a “Rusia, nación atrasada” dese un “pulo desde o zarismo a Lenine”. Paralelamente, na Galiza as reiteradas revoltas populares son



Elección de Otero Pedraio como presidente do Seminario de Estudos Galegos. De esquerda a dereita de abaixo a arriba: Xesús Carro, Vicente Risco, Ramón Otero Pedraio, Luís Iglesias Iglesias, Sebastián González García-Paz, Felipe Cordero Carrete, Salustiano Portela Pazos, Paulino Pedret, Antón Iglesias Vilarelle, Manuel Díaz Rozas, Alfonso Vázquez Martínez, Xosé Filgueira Valverde, Xulio Francisco Ogando, Ramón Sobrino Buhigas, Anxelo Ramos Colemán, Isidro Parga Pondal, Florentino López Cuevillas e Xoán López Durá.

1920
10
 2020



Xuntanza do Seminario de Estudos Galegos. De esquerda a dereita de arriba a abaixo: Ramón Otero Pedraio, Antón Lousada Diéguez, Florentino López Cuevillas, Vicente Risco, Ricardo Carvalho Calero, Xosé Filgueira Valverde, Sebastián González, Pintos Fonseca, Antón Fraguas, Osorio Tafall, Isidro Parga Pondal, Moralejo Laso, Calvo, Cabeza de León, Arias Sanjurjo, Xerardo Álvarez Limeses e Novás. Compostela 1928 (Fundación Otero Pedraio).

protagonizadas fundamentalmente polo movemento agrarista. Castelao, nunha clara liña de simpatía e adhesión populista e anticaciquil, incorpora á súa obra as reivindicacións do agrarismo na serie de estampas do álbum Nós, que se expoñen ao longo do país nos anos vinte e serven ao rexurdir da causa nacional. Nada lle impide a Castelao colaborar cos homes do cenáculo, de ideoloxía afín ao tradicionalismo fidalgo, que confiaban que a elite fidalga á que pertencían podía aínda cumprir un papel dirixente nunha Galiza de base popular labrega. Esa colaboración funciona nesta década sen moitas disonancias mentres se mantén unha liña de traballo centrada nun obxectivo cultural de regaleguización. Tratábase en definitiva de poñer por diante de calquera diferenza ideolóxica “a orgullosa satisfacción de seren galegos”, en optimista expresión de Risco (Nós, nº 1, “Primeiras Verbas”). O que non deixa de ser unha consigna radicalmente política.

Como humanistas que eran tiñan que sentir verdadeira inclinación pola diversidade de pobos, culturas e linguas, con dereito a existiren dignamente. Nunha liña de verdadeiro internacionalismo, abrazan o ideal antiimperialista da concordia das patrias, tal e como figura nos Principios do PG: “Galiza, célula de universalidade”. De xeito reiterado e sen matizacións de ningún tipo, alúdese ao seu europeísmo ou á vontade de europeizar a cultura galega, nunha tópica imaxe caricaturesca e distorsionada, como se esa fose a súa única meta. En todo caso non será o típico europeísmo conformista que se vende como solución a todos os males. A ligazón da nosa literatura con outras europeas, ao tempo que parte dun afán de modernidade, pretende tamén libranos da prostración e dependencia da cultura española. Hai desde logo moito escepticismo sobre o decadentismo europeo e sobre o papel dos Estados máis poderosos. En palabras de Cuevillas, cando abandonan o himation dos gregos, o albornoz dos árabes e as túnicas de Oriente, nesa viaxe de regreso a Galiza, non é para se recluíren nela e desde ela ollar só a Europa. É para pór Galiza no concerto dos pobos do mundo e dialogar con eles en pé de igualdade. Láianse do espectáculo dunha Europa onde se armaron os máis grandes imperios esnaquizando e oprimindo as nacións desvalidas. Arrepiados pola Primeira Grande guerra “tivemos que ollar arredor de nós, e vimos como os que foran nosos ídolos, os homes-cume da Francia, da Inglaterra e da Alemaña, aldraxábanse escudados nun patriotismo de feira”, di Cuevillas en “Dos nosos tempos”. Unha Europa que, ao pouco de saír dunha guerra, xa se preparaba para outra. Un sentimento semellante expresa Otero en Arredor de si (a biografía novelada da Xeración), a través da figura do mozo Adrián Solovio, que volve desencantado do seu periplo europeo a realizarse coa entrega na propia patria. O mesmo escepticismo pode lerse entre liñas cando Castelao informa dos movementos artísticos europeos, reafirmándose na idea de fuxir de calquera mimetismo á hora de crearmos as nosas tendencias artísticas. Europeísmo, se o entendermos por achegamento a Portugal. Europeísmo se o entendermos como preocupación por Irlanda, Bretaña e outras pequenas nacións europeas. —————

1920
11
2020



Na memoria de Xosé Manuel Millán,
exalcalde nacionalista de Moaña e grande estudoso da Xeración Nós.

Edición Fundación Galiza Sempre e Bloque Nacionalista Galego

Textos Manuel Rei

Deseño e maquetación Inácio Pavón e Oscar Valadares

Corrección Lingüística Goretti Sanmartín

G  S
Fundación
GALIZA
SEMPRE


bng
BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO